

# **ESTATUTOS DA FEDERACIÓN GALEGA DE ASOCIACIÓNS DE APOIO LACTACIÓN MATERNA (FEDEGALMA)**

## **CAPÍTULO 1. DENOMINACIÓN, FINALIDADE, ÁMBITO e DOMICILIO**

**Art. 1.** Coa denominación de FEDERACIÓN GALEGA DE ASOCIACIÓNS DE APOIO Á LACTACIÓN MATERNA (FEDEGALMA), constitúese unha entidade con personalidade xurídica propia, sen ánimo de lucro e con independencia dos intereses concretos de calquera empresa, partido político ou forma de poder institucionalizado. Ao amparo do artigo 22 da Constitución, regulando as súas actividades de acordo coa lei de asociacións de 1/2002, de 22 de marzo e posteriores e os seus estatutos.

**Art. 2.** As finalidades da FEDERACIÓN son:

- 1) Establecer unha coordinación xeral entre as ASOCIACIÓNS, GRUPOS E ENTIDADES DE APOIO Á LACTACIÓN MATERNA DE GALICIA, sen intervir no funcionamento interno de ningún deles.
- 2) Protexer, promover e apoiar a lactación materna.
- 3) Defender o Dereito de todas as mulleres a aleitar, e o dereito das súas fillas e fillos a ser aleitados, tanto tempo como ámbolos dous desexen e a recibir todo o apoio social e profesional necesario para conseguilo, fomentando a participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade e a conciliación da vida familiar, social e laboral.
- 4) Promover e organizar actividades, programas de actuación, cursos de capacitación, centros de recursos, traballos de investigación, edición de publicacións específicas e outras iniciativas encamiñadas a dar apoio a persoas, grupos, asociacións e entidades interesadas na lactación materna e a mellorar o apoio ás mulleres.
- 5) Calquera outra actividade directa ou indirectamente relacionada coas anteriormente citadas.
- 6) Representar ás asociacións ante os organismos públicos ou privados nas xestións necesarias para conseguir os obxectivos marcados nos

apartados anteriores.

- 7) Fomentar e defender a vida asociativa e a participación cidadá a todos os niveis.

**Art. 3.** O domicilio social da FEDERACIÓN GALEGA DE ASOCIACIÓNS DE APOIO Á LACTACIÓN MATERNA (FEDEGALMA) é R/ Tino Grandío, 26 – 1ºC. 27004. Lugo e poderase cambiar por decisión da Asemblea Xeral. A Federación poderase asociar con outras organizacións similares de ámbito nacional ou internacional. O ámbito de acción territorial será todo o territorio galego.

## **CAPÍTULO 2. MEMBROS**

**Art. 4** A FEDERACIÓN GALEGA DE ASOCIACIÓNS DE APOIO Á LACTACIÓN MATERNA (FEDEGALMA) estará formada por asociacións que cumpran os seguintes requisitos:

- 1) As asociacións estarán debidamente legalizadas dentro do ámbito desta FEDERACIÓN.
- 2) A súa estrutura de funcionamento será democrática e independente.
- 3) As súas finalidades non serán de carácter lucrativo nin mercantil.
- 4) Entre as finalidades recollidas nos seus estatutos figure polo menos unha das seguintes ou similar: protexer, promover, apoiar a lactación materna ou a de dar información e apoio ás nais que desexen gozar dunha lactación materna exitosa.
- 5) Dentro das súas normas de financiamento exclúa os donativos en diñeiro ou en especie que proveñan de empresas fabricantes ou distribuidores de alimentos infantís, biberóns, tetinas, chupetes e outros produtos relacionados coa alimentación infantil, incluídos os produtos para a lactación materna.
- 6) Que asuman estes estatutos.

**Art. 5.** As asociacións referidas no artigo anterior han de facer súa a proposta de adhesión por escrito á FEDERACIÓN para que esta determine a aceptación en Asemblea Xeral.

## **CAPITULO 3. DEREITOS DOS MEMBROS**

**Art. 6.** Os dereitos destas asociacións son:

- 1) Expoñer á Asemblea e á Xunta Directiva todo o que consideren que pode contribuír a facer máis plena a vida da FEDERACIÓN e máis eficaz a realización dos obxectivos sociais básicos.

- 2) Recibir toda a información sobre as actividades da FEDERACIÓN.
- 3) Facer uso dos servizos comúns que a FEDERACIÓN teña ou poida ter á súa disposición.
- 4) Ter voz e voto nas asembleas, a través do seu representante.
- 5) Escoller ou ser escollido para os postos de representación ou para exercer cargos directivos.
- 6) Exercer a representación que se lles confira, en cada caso.
- 7) Intervir na organización e as xestións, nos servizos e as actividades da FEDERACIÓN, de acordo coas normas legais e estatutarias.
- 8) Solicitar e obter explicacións sobre a administración e a xestión da Xunta Directiva.

#### **CAPITULO 4. DEBERES E OBRIGAS DOS MEMBROS**

**Art. 7.** Os deberes das asociacións como membros da FEDERACIÓN son:

- 1) Axustar a súa actuación ás normas estatutarias.
- 2) Cumprir os acordos da Asemblea e as normas ou actuacións que tome a Xunta Directiva para levalos a termo.
- 3) Manter a colaboración necesaria para o bo funcionamento da FEDERACIÓN.
- 4) Pagar as cotas.
- 5) A asistencia ás asembleas.
- 6) Informar sobre a modificación dos seus estatutos, cando estas modificacións poidan afectar á súa permanencia na FEDERACIÓN.

**Art. 8.** Son causa de baixa da FEDERACIÓN, logo de aprobación de 3/4 partes de asistentes a Asemblea:

- 1) Non cumprir as obrigas estatutarias.
- 2) Non pagar as cotas.
- 3) Exercendo accións ou facendo manifestacións públicas a través de calquera medio, que poida danar o bo nome, prestixio e/ou imaxe da FEDERACIÓN.

- 4) Que o decidise a asociación interesada, logo de comunicación por escrito á Xunta Directiva, a cal o notificará á asemblea. Neste suposto non fará falta a aprobación da Asemblea.

## **CAPÍTULO 5. A ASEMBLEA**

- Art. 9.**
- 1) A Asemblea é o órgano soberano da FEDERACIÓN: os seus membros formarán parte por dereito propio.
  - 2) Os membros da FEDERACIÓN, reunidos en asemblea legalmente constituída, decidirán por  $\frac{3}{4}$  partes os asuntos que sexan competencia da Asemblea.
  - 3) Todos os membros quedan suxeitos aos acordos da Asemblea, incluíndo os ausentes, os que discrepen e os presentes que se abstiveran de votar.

**Art. 10.** A asemblea ten as facultades seguintes:

- 1) Modificar os Estatutos da FEDERACIÓN.
- 2) Adoptar os acordos relativos á representación legal e a defensa dos intereses da FEDERACIÓN.
- 3) Controlar a actividade e xestión da Xunta Directiva.
- 4) Aprobar os presupostos anuais de gastos e ingresos e a memoria anual de actividades.
- 5) Elixir os membros da Xunta Directiva, destituílos e substituílos.
- 6) Establecer as liñas xerais de actuación que permitan cumprir os fins da FEDERACIÓN.
- 7) Disolver a FEDERACIÓN.

A relación das facultades especificadas neste artigo ten un carácter meramente enunciativo e non limita as atribucións da asemblea Xeral.

- Art. 11.**
- 1) A asemblea reunirase en sesión ordinaria como mínimo unha vez ao ano.
  - 2) A asemblea reunirase con carácter extraordinario sempre que sexa necesario, por requirimento da Xunta Directiva ou ben cando sexa solicitado por un número de asociacións da FEDERACIÓN que represente un 30 por cento da totalidade; neste último caso, farao dentro dun período non superior a 30 días hábiles, e hase de incluír na orde do día a lectura da acta anterior e o punto que motiva esta Asemblea.

- Art. 12.**
- 1) A convocatoria das asembleas ordinarias será por escrito, cunha anticipación mínima de 1 mes. A convocatoria ha de especificar o día, a hora, o lugar da reunión e a orde do día. Preceptivamente incluírase na orde do día da asemblea as cuestións de cada comisión de traballo, sempre que previamente se comunicara á Xunta Directiva, este enviarase a todas as Asociacións da FEDERACIÓN.
  - 2) A orde do día das asembleas constará imprescindiblemente de:
    1. Lectura e aprobación da acta anterior.
    2. Balance económico.
    3. Quenda de rogo e preguntas.
  - 3) As reunións da asemblea presidiráas a presidenta da FEDERACIÓN. Se non é posible, substituiráa a vicepresidenta, no seu defecto un vogal da Xunta ou no seu defecto unha persoa designada expresamente para este fin pola asemblea. Actuará como secretaria quen ocupe o cargo na Xunta Directiva, no seu defecto o membro da Xunta Directiva que designe a presidenta ou no seu defecto unha persoa designada expresamente para este fin pola asemblea.
  - 4) A secretaria redactará acta de cada reunión cun extracto das deliberacións, o texto dos acordos que se adoptaran e o resultado numérico das votacións. Ao comezo de cada reunión da asemblea darase lectura á acta anterior para que poida ser aprobada ou emendada en asemblea.

**Art. 13.** Constitución das asembleas.

- 1) A asemblea Extraordinaria quedará constituída validamente en primeira convocatoria coa asistencia dun mínimo dun 50 por cento das Asociacións membros da FEDERACIÓN.
- 2) A asemblea Extraordinaria quedará validamente constituída en segunda convocatoria co número de asociacións que haxa presentes, sexa cal sexa. A segunda convocatoria será media hora despois da primeira e no mesmo lugar.
- 3) A asemblea ordinaria quedará validamente constituída en primeira convocatoria co número de Asociacións presentes, sexa cal sexa.

- Art. 14.**
- 1) Nas reunións da asemblea, corresponderá un voto a cada asociación presente que sexa membro.
  - 2) Os acordos tomaranse por 3/4 partes, en caso de modificación dos Estatutos será necesario o voto positivo das 3/4 partes dos votos dos asistentes.

## CAPITULO 6. A XUNTA DIRECTIVA

### Art. 15.

- 1) A Xunta Directiva conducirá, administrará e representará á FEDERACIÓN, e estará formada por:
  - 1) a presidenta
  - 2) a vicepresidenta
  - 3) a secretaria
  - 4) a tesoureira
- 2) A elección da Xunta Directiva farase mediante listas entre as distintas candidaturas que se presenten.
- 3) As candidaturas hanse de presentar un mes antes da celebración da asemblea e faranse chegar ás asociacións membros da FEDERACIÓN.
- 4) A elección dos cargos de presidenta, vicepresidenta, tesoureira e secretaria da Xunta Directiva farase por votación da asemblea, cada 2 anos.
- 5) O exercicio do cargo será voluntario e non remunerado.

### Art. 16.

- 1) Os cargos de presidenta, vicepresidenta, tesoureira e secretaria da Xunta Directiva exercerán o cargo durante un período máximo de 8 anos consecutivos.
- 2) O cesamento dos cargos antes de rematarse o seu mandato regulamentario poderá ser por:
  - 1) Dimisión voluntaria presentada mediante un escrito no cal se expoñan os motivos.
  - 2) Enfermidade que incapacite para exercer o cargo.
  - 3) Por ausencia inustificada de tres Asembleas Ordinarias consecutivas.
- 3) As vacantes que se produzan na Xunta Directiva cubriranse na primeira Asemblea que teña lugar. Mentres, un membro da FEDERACIÓN poderá ocupar provisionalmente o cargo vacante.
- 4) En caso que esta vacante, por calquera dos motivos expostos, recaia na persoa da presidenta, a Xunta Directiva restante ha de convocar Asemblea Extraordinaria, dentro dun

prazo máximo de 30 días hábiles, para escoller unha nova presidenta.

**Art. 17.** A Xunta Directiva ten as facultades seguintes:

- 1) Representar, dirixir e administrar a FEDERACIÓN do xeito máis amplo que recolla a lei; así como cumprir as decisións tomadas pola asemblea de acordo coas normas, instrucións e directrices que esta Asemblea estableza.
- 2) Convocar as asembleas e controlar que se cumpran os acordos que se adoptaran. Os membros da Xunta Directiva terán voz e voto. No caso de empate nalgunha decisión da Asemblea, a Xunta Directiva terá un voto de calidade decisorio. Este voto obterase en votación secreta da Xunta, con non menos de  $\frac{3}{4}$  partes.
- 3) Elaborar o plan de actividades e sometelo á aprobación da asemblea.
- 4) Propoñer o establecemento de comisións de traballo, a iniciativa das asociacións ou persoas membros, á asemblea para a súa aprobación e así conseguir do xeito máis eficiente e eficaz os fins da FEDERACIÓN.
- 5) Levar a termo as xestións necesarias ante organismos públicos, asociacións e outras persoas, para conseguir:
  - 1) subvencións ou outros asuntos legais,
  - 2) uso de locais, edificios, prazas e vías públicas, etc.
- 6) Abrir contas correntes e libretas de aforros en calquera banco ou caixa de aforros e dispoñer dos fondos que haxa nestes depósitos. A disposición dos fondos virá determinada segundo o que se estipule no regulamento de réxime interno.
- 7) Resolver provisionalmente calquera imprevisto que non se previra nos Estatutos e dar conta na seguinte Asemblea.
- 8) Calquera outra facultade que non estea atribuída dun xeito específica a outro órgano da FEDERACIÓN ou que fose delegada expresamente.

## **CAPÍTULO 7. A PRESIDENTA e A VICEPRESIDENTA**

**Art. 18.** 1) Son propias da presidenta as seguintes funcións:

- 1) A dirección e representación da FEDERACIÓN, por

delegación da asemblea e da Xunta Directiva.

- 2) A presidencia e a dirección dos debates, tanto da asemblea coma da Xunta Directiva.
  - 3) Emitir un voto de calidade nos casos de empate nas reunións da Xunta Directiva.
  - 4) Establecer a convocatoria das reunións da asemblea e da Xunta Directiva.
  - 5) Revisar as actas e os certificados confeccionados pola secretaria da FEDERACIÓN.
  - 6) As atribucións restantes propias do cargo e as que lle delegue a asemblea ou a Xunta Directiva.
- 2) Son propias da vicepresidenta as seguintes funcións:
- 1) Substituír en caso de ausencia ou enfermidade á presidenta.
  - 2) A vicepresidenta será a encargada de coordinar as diferentes comisións que se recollen no capítulo 7 destes estatutos.

## **CAPITULO 8. A TESOUREIRA E A SECRETARIA**

**Art. 19.** A tesoureira ten como función a custodia e o control dos recursos da FEDERACIÓN, así como tamén a elaboración dos presupostos e a liquidación de contas. Ha de levar un libro de caixa. Ha de asinar os talóns e outros documentos de tesouraría e pagar as facturas aprobadas pola Xunta Directiva, as cales han de ser revisadas pola presidenta. Ha de ingresar os fondos da FEDERACIÓN nas contas abertas ao efecto.

**Art. 20.** A secretaria ha de custodiar a documentación da FEDERACIÓN, tomar nota, redactar e asinar as actas das reunións da asemblea e da Xunta Directiva, redactar e autorizar as certificacións que teñan lugar e tamén levar o libro de rexistro das Asociacións, estender e asinar as comunicacións que xurdan da FEDERACIÓN.

## **CAPÍTULO 9. AS COMISIÓNS DE TRABALLO**

**Art. 21.** A creación e constitución de calquera comisión será formulada polos membros da FEDERACIÓN que desexen poñela en marcha na Asemblea, a cal votará a proposta.

Pode ser membro das comisións de traballo calquera persoa de calquera asociación da Federación que así o desexe, aínda que non sexa o representante da súa asociación.

As comisións terán unha coordinadora que fará as veces de voceira da comisión ante a Asemblea e a Xunta Directiva.

## **CAPÍTULO 10. O RÉXIME ECONÓMICO**

**Art. 22.** Esta FEDERACIÓN non ten patrimonio fundacional.

**Art. 23.** Os fondos económicos de que disporá a FEDERACIÓN poden provir de:

- 1) Achegas, subvencións ou donativos de asociacións públicas ou privadas e de persoas individuais coa exclusión expresa dos donativos en diñeiro ou en especie que proveñan de empresas fabricantes ou distribuidores de alimentos infantís, biberóns, tetinas, chupetes e outros produtos relacionados coa alimentación infantil, incluídos os produtos para a lactación materna.
- 2) Rendas dos seus capitais e patrimonio.
- 3) Ingresos derivados de actividades ou publicacións organizados para ese fin.
- 4) Cotas dos socios.

**Art. 24.** O exercicio económico coincidirá co ano natural e quedará pechado a 31 de decembro.

## **CAPÍTULO 11. RÉXIME DISCIPLINARIO**

**Art. 25.** A Xunta Directiva pode sancionar as infraccións cometidas polos membros socios que incumpren as súas obrigas.

Estas infraccións pódense cualificar de leves, graves e moi graves e as sancións correspondentes poden ir dende unha amoestación ata a expulsión da asociación, segundo o que estableza o regulamento de réxime interno.

O procedemento sancionador iníciase de oficio ou ben como consecuencia dunha denuncia ou comunicación. A Xunta Directiva nomea un instrutor, que tramita o expediente sancionador e propón a resolución, con audiencia previa do presunto infractor. A resolución final, que ha de ser motivada, adóptaa a Xunta Directiva.

Os socios sancionados que non estean de acordo coas resolucións

adoptadas poden solicitar o pronunciamento da Asemblea Xeral, que as confirmará ou ben acordará as resolucións de sobresemento oportunas.

## **CAPÍTULO 12. A DISOLUCIÓN**

**Art. 26.** A FEDERACIÓN poderá ser disolta se o acordan as 3/4 partes dos asistentes da asemblea convocada con carácter extraordinario expresamente para este fin.

**Art. 27.**

- 1) Unha vez acordada a disolución, formarase unha comisión liquidadora, da que poderán formar parte os socios que designe a Asemblea xeral extraordinaria. Unha vez satisfeitas as obrigas pendentes, o remanente, se o houberse, será entregado pola Comisión liquidadora a calquera entidade ou persoa que se dedique a igual ou parecidas finalidades e, no seu defecto a calquera organización non governamental sen ánimo de lucro.
- 2) Os membros da FEDERACIÓN están exentos de responsabilidade persoal. A súa responsabilidade queda limitada a cumprir as obrigas que eles mesmos asumiran voluntariamente.

## **CAPÍTULO 13. DISPOSICIÓNS FINAIS**

**Art. 28.** As asociacións, por ingresar libre e voluntariamente na FEDERACIÓN, estarán obrigadas a cumprir e facer cumprir estes Estatutos.

**Art. 29.** A interpretación de todo o que se articulou, os puntos e/ou os matices que poida ocasionar a interpretación destes Estatutos son, en última instancia, exclusiva competencia da asemblea.